



BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓNS

3 de setembro de 2008

Nº 22/08

METEOROLOXÍA

Durante a última semana tivemos un tempo similar ao das últimas datas, temperaturas moderadas e alternancia de tempo soleado con días de chuvia, pero o 29 de agosto caeu sarabia en **varias zonas de Ourense e sobre todo pola súa intensidade na comarca de Pontevedra e do Salnés**, cuxas bolas chegaron a acadar os 15-20 mm nalgúns puntos, ocasionando danos sobre todo nos cultivos de viñedo e horta.

Previsión:

Até o domingo vindeiro dominará o tempo chuvioso e a partir desta data a tendencia será de influencia anticiclónica e proguesiva recuperación, con diminución da probabilidade de chuvia e ascenso das temperaturas.

VIÑEDO

D. O. Rías Baixas

Estado fenolóxico medio: (N) Maduración do acio.



Incidencias dos danos provocados polo pedrisco:

Nas Subzona do Salnés da DO Rías Baixas en case todos os concellos caeu a granizada pero donde se alcanzou a intensidade suficiente para producir danos foi no **Concello de Meis (excepto a parroquia de San Martiño) e na parroquia de Besomaño (Ribadumia)**, e tamén pero de escasa consideración nas parroquias que lindan entre os concellos de Caldas de Reis e Vilanova de Arousa.

A superficie de viñedo acollida a DO nas zonas afectadas son aproximadamente 200 Has e os danos medios das parcelas son dun 10% de acios "tocados" con apeas 2-5 uvas danadas, polo tanto o dano directo provocado a día de hoxe é de escasa consideración, pero haberá que vixiar súa evolución posto que si persisten as precipitacións e humidade ambiental nos próximos días poderían evolucionar a podreñas que contaminen os acios.



Incidencias dos danos provocados polo pedrisco:

A continuación mostranse os danos que se produciron en parcelas de Meis:



Nos acios afectados caen as uvas completamente ou quedan pegadas o acio esmagadas e rachadas (foco potencial para a botrite, podremia ácida, aspergillus,...).



En algúns acios o impacto foi menor e obsérvanse mazaduras nas uvas que evolucionarán do mesmo modo que as rachadas ou aínda peor o manterse o zume azucrado no interior das mesmas, base nutritiva favorecedora do desenvolvemento do fungo.



Tamén algúns gomos de pequeno desenvolvemento e os netos desgarráronse da pranta.



Imaxe do viñado con follas, ramas e uvas que caeron o chan.



Incidencias de Mildeu nos viñedos:

Nos viñedos aínda obsérvanse danos de viñedo que non se deberán confundir cos de pedrisco:



Na imaxe observase un ataque de Mildeu do mes de xuño e en segundo termo en forma de Mildeu larvado acontecido no mes de xullo.

Na imaxe inferior mostrase un viñedo con aspecto queimado debido o Mildeu que afectou as fillas xovenes das puntas dos gomos e os netos a finais de agosto.





Recomendacións da semana:

Os viñedos que foron afectados polo pedrisco deberán realizar un último tratamento antibotritico con algunha das materias activas recomendadas que serán de entre as que se poden empregar despois do inverno as do tipo de acción sistémica (ciprodinil+fludioxinil) ou penetrante (boscalida, mepanipyrim).

En calquera caso, debido a persistencia das condicións atmosféricas favorables a botrite e nos viñedos con maior sensibilidade que pode ser varietal (loureiro, godello, treixadura, caíño tinto), por empatollamento excesivo da vexetación, ou por danos previos de Avelaiña ou Oídio, deberían realizar un novo tratamento neste momento cos principios activos recomendados anteriormente, xa que os de contacto non poden protexer o interior do acio.

Recordase que a presenza de Botrite na fase da maduración da uva, ademais dos danos directos que provoca e aumento dos custos de vendima, afectaría a calidade dos viños pois favorece a degradación de materias colorantes, a destrución da pelica da uva que contén as sustancias aromáticas, o aumento da fixacións do sulfuroso nos viños e o aumento da temida acidez volátil. As uvas rachadas polo pedrisco son ademais máis sensibles a ataques secundarios de fungos aínda máis perigosos como os das podremias ácidas e aspergillus, produtores de micotoxinas.

Respetar os prazos de seguridade dos preparados fitosanitarios no caso de súa utilización, polo que deberase comezar o control de maduración de cada parcela para coñecer a época probable da colleita.

En ningún caso deberanse tratar os viñedos que leven adianto na maduración e vaia empregarse a colleita para a obtención dos pés de cuva nas adegas ou cando as adegas cerren o prazo de aplicación os seu viticultores.

[Segue D. O. de Ourense:](#)



DD. OO. Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

O cultivo sigue acumulando certo retraso no seu ciclo produtivo respecto ao ano pasado. De xeito xeral, estímase **una redución na colleita** respecto ao ano pasado. Constátase que na mesma parcela e ata no mesmo acio coexisten dous estados fenolóxicos, polo que esta campaña estase caracterizando pola irregularidade na evolución do ciclo vexetativo, feito provocado polas condicións meteorolóxicas acaecidas ata a data.

Como xa se comentou no epígrafe de meteoroloxía, no pasado fin de semana, de xeito xeral para toda a provincia, sucederon episodios de fortes chuvias, acompañadas en casos puntuais, de pedra. Os danos no cultivo producidos pola pedra non son, polas informacións recibidas, de consideración pero obriga a estar vixiantes á evolución do cultivo xa que este ano as condicións son favorables a que se produzan ataques de botrite ou podre.

D.O. RIBEIRO

Estado fenolóxico medio:

Estado maioritario: pleno envero (M2). A fenoloxía é irregular debido ás condicións desfavorables que se produciron na fase de callado, o que provoca que ata no mesmo acio haxa diferencias salientables na fenoloxía. Unha porcentaxe non cuantificada de acios non van a alcanzar o estado de maduración.

Incidencias fitopatolóxicas destacadas:

Apareceron os primeiros síntomas de podremia gris (botrite). Ata o momento a súa incidencia non é xeneralizada pero obriga a extremar a vixianza porque as condicións previstas son de forte presión da enfermidade. **A partir deste estadio fenolóxico a presión do mildiu e oídio redúcese considerablemente, polo que a incidencia destas enfermidades será moito menor que nas derradeiras semanas.** A partir do pleno envero a incidencia do oídio é nula. Ausencia de síntomas de ataques provocados por pragas.

Recomendacións da semana:

Débase valorar a posibilidade de facer un tratamento preventivo contra a botrite, tendo en conta o prazo de seguridade do produto a aplicar, xa que nos atopamos en datas próximas á vendima. No caso de que a explotación sufrira danos provocados pola pedra é moi recomendable facer un tratamento cicatrizante das feridas a base de cobre.

D.O. VALDEORRAS

Estado fenolóxico medio:

Estado maioritario: pleno envero (M2).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

As mesmas que para O Ribeiro.

Recomendacións da semana:

As mesmas que para O Ribeiro.

D.O. RIBEIRA SACRA

Estado fenolóxico medio:

Estado maioritario: pleno envero (M2).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

As mesmas que no Ribeiro

Recomendacións da semana:

As mesmas que para O Ribeiro.

D.O. MONTERREI

Estado fenolóxico medio:

Estado maioritario: pleno envero (M2).

Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas:

Apórtanse fotografías dos danos provocados pola pedra nas plantacións afectadas.



Danos provocados en Treixadura

Danos provocados en Araúxa (Tempranillo)

PATACA na LIMIA

Estado fenolóxico do cultivo

Variable. A fase predominante é a de MADURACIÓN DE TUBÉRCULOS, chegándose nalgunhas parcelas á fase de senescencia.

Incidencia de pragas

Ningunha. Si se detecta a presenza de pulgón cando a mata da planta esté verde recoméndase facer un tratamento insecticida.

Incidencia de enfermidades

As condicións continúan sendo de certo risco para o ataque de mildeu polo que se manteñen os ataques nalgunhas parcelas.

Tratamentos recomendados

É imprescindible manter protexido mediante materias activas de contacto ou penetrantes o cultivo fronte ao mildiu. Non espaciar mais de 12 días os tratamentos antimildeu.